


El sendeiro Fervenza do Toxa-Carboeiro está situado nos concellos de Silleda e Vila de Cruces, na comarca do Deza. Accédese ao comezo da ruta dende Bandeira, situada na estrada N-525, que une Ourense e Santiago de Compostela. Logo, dende Bandeira a Pazos pola estrada PO-204 que vai a Merza e Vila de Cruces.

Este espazo, debido ao alto interese das comunidades naturais que conserva participa no proxecto europeo Rede Natura 2000 e forma parte do Lugar de Importancia Comunitaria Sistema fluvial Ulla-Deza.



Lonxitude do trazado: 6 km.
Duración da ida: 2 horas
Grao de dificultade: Medio.

Ten unha lonxitude duns 6 km, onde, logo e contemplar dende os miradoiros a fervenza do Toxa, de máis de 70 m de alto, descendemos cara ao pé da mesma para, logo, acompañar ao Toxa nos últimos metros ata que desemboca no Deza. Crúzase este río por unha ponte de ferro para acadar a ermida de San Paio e logo a localidade de Merza. Continúase ata a praia fluvial da Carixa, e logo dunha subida achegámonos ata o balneario de Baños da Brea e, posteriormente, á ponte románica de Carboeiro, tamén denominada ponte do Demo, e por unha calzada medieval ao mosteiro beneditino de San Lourenzo de Carboeiro, fundado no século X e considerado como a mellor mostra galega do estilo románico de transición, tamén denominado románico-oxival.



Este sendeiro ten a consideración de Pequeno Recorrido Galego (PRG18) e conta cunha sinalización para indicar o camiño correcto.



Estas seguindo o sendeiro sinalizado

Este camiño non é do sendeiro sinalizado

O sendeiro vai tomar outra dirección

NATUREZA DOSENDEIRO



A conca do río Deza atesoura unha das comunidades piscícolas mellor conservadas de Galicia, onde ciprínidos endémicos como a **boga de río** (*Chondrostoma polylepis*) e a **reñosa** (*Chondrostoma arcasii*) conviven cunha das mellores poboacións de **troitas** (*Salmo trutta*) da vertente atlántica galega. A estas especies sedentarias hai que sumarlle aquelas outras que precisan de desprazamentos ao longo da súa vida entre o mar e o medio fluvial, e que cada vez son máis escasas debido á presenza de barreiras artificiais postas polo home. Pertencen a este grupo a **anguía** (*Anguilla anguilla*), o **sábalo** (*Alosa alosa*), a **zamborca** (*Alosa fallax*), a **lamprea** (*Petromyzon marinus*) e unha das xoias das nosas augas, o **salmón atlántico**, que atopa nos cursos fluviais da conca do Deza -nados nos montes do Testeiro e serra do Candán-, un dos últimos

reductos para evitar a extinción. Son as augas do Deza, frescas e oxixenadas todo o ano -ao que contribúen unhas ribeiras ben conservadas-, onde se establece un bosque en galería de árboles amantes da humidade como os **salgueiros** (*Salix atrocinerea*), os **ameiros** (*Alnus glutinosa*) e os **freixos** (*Fraxinus angustifolia*). Como bioindicadores da saúde das augas podemos atopar no Deza invertebrados cada vez máis escasos en Europa como o **mexilón de río** (*Margaritifera margaritifera*) ou o **tizón esmeralda** (*Oxygastra curtisii*). Mantén tamén este río mamíferos pouco comúns como o **auganeiro** (*Galemys pyrenaica*) e a **lontra** (*Lutra lutra*); mesmo é posible descubrir na beira do río as pegadas do tímido **furón** (*Mustela putorius*), que gusta de capturar pequenos vertebrados como a **ra patilonga** (*Rana ibérica*) e o **lagarto da auga** (*Lacerta schreiberi*). Estas últimas, xunto coa tamén presente **píntega rabilonga** (*Chioglossa lusitanica*), son tres especies endémicas do noroeste da Península Ibérica. A orientación e conformación do sistema de vales do Ulla e Deza favorece a penetración cara ao interior das terras da influencia oceánica propia das Rías Baixas. Esta relativa benignidade climática permite a diversidade forestal, xa que aos elementos típicos das carballeiras húmidas súmanselle moitos outros termófilos, propios das formacións mediterráneas. Así, nas pposicións de solaina e de solos mellor drenados están presentes as **sobreiras** (*Quercus suber*), os **erbedos** (*Arbutus*


unedo), os **loureiros** (*Laurus nobilis*) e os **cerquiños** (*Quercus pyrenaica*), mentres que nos solos máis profundos dominan o **carballo** (*Quercus robur*), o **pradairo** (*Acer pseudoplatanus*) e o **castiñeiro** (*Castanea sativa*); este último con tendencia a solos menos húmidos. Son moitos os invertebrados asociados a esta complexa comunidade de árbores. Destacan pola súa rareza entre os escaravellos os pertencentes á familia dos lucánidos, representados pola **vacaloura** (*Lucanus cervus*) e a **carroucha real** (*Dorcus parallelipedus*), que realizan o seu desenvolvemento larvario en madeira morta de caducifolios, propia de bosques vellos. Moitas das bolboretas do bosque aliméntanse durante a fase larvaria das follas das árbores, como é o caso da **raíña salgueira** (*Apatura iris*), que se alimenta das follas dos salgueiros ou das herbáceas nemorais do sotobosque -moitas delas endémicas-, como a **prateada silvática** (*Argynnis paphia*) que depende das violetas. Entre os micromamíferos forestais destacan o **rato silvestre** (*Apodemus silvaticus*) e o **leirón careto** (*Eliomys quercinus*), que gusta dos froitos das **abeleiras** (*Corylus avellana*), que forman parte do sotobosque baixo os carballos. Están presentes tamén depredadores como a **garduña** (*Martes foina*) e a **xeneta** (*Genetta genetta*), así como os grandes fitófagos como o **porco bravo** (*Sus scrofa*) e o **corzo** (*Capreolus capreolus*). O bosque vese intercalado con cultivos forestais de piñeiros e eucaliptos, e zonas abertas con matogueira de **toxos** (*Ulex*) e **xestas** (*Cytisus*). Esta área presenta unha elevada diversidade xeolóxica na que predominan os granitos, as anfíbolitas e as migmatitas. Tiveron grande importancia nas décadas dos trinta e corenta do século XX as canteiras de volframio, tamén chamado tungsteno, que foron obxecto dunha intensa actividade mineira asociada aos conflitos bélicos mundiais. Esta mesma diversidade litolóxica é a que dá orixe a fervenza do río Toxa, que traballa para encaixarse nun granito tremendamente duro por mor da cantidade de cuarzo que presenta e disposto sobre materiais metamórficos menos resistentes a erosión. Nas imponentes paredes graníticas que flanquean a fervenza aniñan grandes aves que precisan de acantilados pétreos e que son pouco abundantes en Galicia, como os corvos (*Corvus corax*) e os falcóns (*Falco peregrinus*).




FERVENZAS DO TOXA

As fervenzas do Toxa están consideradas coma unhas das maiores de Galicia. Un dos recónditos lugares máis fermosos situado íntegramente no corazón da natureza.

Miradoiros dende distintos niveis deixan percibir de preto a impresionante sensación da forza do auga pura en liberdade a través da historia.



Miradoiros



Río Deza



MOSTEIRO DE CARBOEIRO



Fundado no ano 936 polos condes do Deza, construído polos discípulos do Mestre Mateo, artífice do Pórtico da Gloria, esta considerado a xoia do románico oxival galego e símbolo da comarca do Deza.

Encontrase abrazado polo río Deza en medio dunha paraxe natural de gran beleza.

Ponte do Demo



Calzada Romana



